

Anteriormente era Baredo un simple lugar da parroquia de Baiña ata que, pola moita distancia que había dende el á matriz, desmembrouna enteiramente dela o Sor. Bispo Dn. Xoán García Benito no ano de 1810, e erixiuna en parroquia en todo independente de aquela: e o seu novo primeiro Abade párroco Dn. Nicolás Antonio Vidal tomou posesión deste curato o 2 de febreiro de 1811 ao propio tempo que o fixo o de Baiña. Esta aldea de Baredo foi dada ao Mosteiro de Oia polo Emperador Dn. Alonso 7º en 27 de Xuño do ano 1140 como dixemos no tratado da parroquia d arriba, aínda que coa mutación de escribirlle a letra inicial con V. no lugar de B. Recoñece por Patroa tutelar a Sta. Maria Nosa Señora baixo o título da Celsa (043), cuxa imaxe que aquí se venera con esta invocación apareceu no tempo do Cisma de Inglaterra na ribeira da mar no lugar da Celsa da presente parroquia segundo tradición dos veciños dela, afirmando hai Autores que falan desta aparición, e da de Nosa Señora da Mar do Mosteiro de Oia. A festa celébransla aquí por translación que fixo dito Señor Bispo García Benito no Domingo primeiro do mes de Xullo, segundo así asegura todo isto o Abade da mesma parroquia o indicado Dn. Nicolás Antonio Vidal nun certificado que deu ao referido Señor Bispo con data de 15 de Maio de 1819. Habitan Baredo 86 veciños que corresponden polo contencioso político e gubernativo á Xustiza de Baiona. O importe dos seus décimos vai incluído co de Baiña, de cuxo importe total levanta o Párroco de Baredo unha nona parte: o que non ten casa reitoral nin igrexario. A fábrica da Igrexa percibe de renda anual 13 ferrados de trigo, 24 9/3 de centeo, medio de miúdo, 22 de millo, e 211 reais. Este Beneficio é de presentación Real e Ordinaria. Confina co Océano. Dista de Tui pouco menos de 4 leguas. (ÁVILA Y LA CUEVA, 495-496).





Igrexa parroquial

Foi erixida a parroquia no ano 1810 polo bispo Xoán García Benito, desmembrándoa de Baiña. E o seu primeiro abade foi Nicolás Antonio Vidal que tomou posesión en 1811.

Construída no 1812, probablemente no mesmo lugar que estivo unha capela, xa que se atopan datos da súa existencia dende 1140.

O **templo actual** (044) ten unha soa nave de planta rectangular, coa bóveda de madeira sobre arcos de pedra.

Na ábsida mostra unha bóveda de cruzaría.

A sancristía tamén ten a bóveda de pedra.

A **fachada principal** límitase por dúas pilastras extremas con bases e capiteis figurados, e rematan en pináculos pétreos.

A porta é alintelada e con moldura.

Enriba dela presenta unha ventá semicircular tamén moldurada, e no mesmo eixe ábrese un óculo para dar luz ao acceso do campanario.

A torre é de base cadrada cun oco de arco semicircular en cada cara e remata en pináculos máis pequenos. Cúbrese de tambor e cúpula que sustenta a cruz de remate metálica.

O retablo barroco está presidido pola **Virxe da Cela**, que segundo a tradición foi atopada no mar no século XVI.

FESTAS E ROMAXES DE BAREDO:

Virxe da Cela: Primeiro domingo de Xullo.

Virxe do Carme (045): 16 de Xullo.

